

Comunicado

A colaboración entre o Museo de Arte Contemporánea (Marco) e a Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo foi constante desde a súa fundación con propostas de diverso perfil (obradoiros, exposicións, prácticas do alumnado, seminarios, conferencias...), podemos lembrar, entre outras, a exposición «Eidos da imaxe» na cal participaron diferentes artistas, científicas/os e tecnólogos/as da Universidade de Vigo. Pode entenderse entón que para a Facultade de Belas Artes, o Marco de Vigo é unha institución complementaria nas tarefas de creación, investigación, educación e transferencia de coñecemento. A facultade vese afectada coa súa situación e, deste xeito, comparte a preocupación, xa denunciada dende diversos ámbitos artísticos e culturais, pola incerteza na que, a día de hoxe, se atopa o Marco. Houbo un proceso de progresiva perda de apoios institucionais que o levaron á asfixia orzamentaria; un proceso que, pensamos, tivo máis que ver con intereses políticos que coas preocupacións polas necesidades cara ao desenvolvemento e á satisfacción das demandas dunha sociedade cada vez máis aberta á cultura contemporánea.

Como é público, a preocupante situación chegou ao seu cénit tras o anuncio do actual director do Marco da súa intención de non renovar no cargo e posterior reacción da máxima autoridade da cidade de Vigo, mostrándose partidaria de promover un novo proxecto museístico que, ao noso entender, definiría un modelo afastado da creación contemporánea. Por outra parte é tamén moi grave o movemento que levou ao Concello de Vigo á tomar o control do padroado do Marco. É precisamente na Universidade onde máis se comprende a necesidade de autonomía institucional (sen que sexa incompatible coa colaboración) para desenvolver calquera proxecto cultural de promoción da creación e de transferencia de coñecemento á sociedade e, como se recolle nos estatutos da Fundación Marco: «impulsar a estimulación da sensibilidade da sociedade cara á cultura actual».

Ante todo isto:

- Sumámonos ás peticións de diversos colectivos, como o Instituto de Arte Contemporánea, de que o nomeamento da nova dirección do Marco se realice conforme aos acordos de boas prácticas, como se está a facer noutras institucións equiparables internacionais e do estado español, mediante un procedemento de concurso transparente e aberto.
- Solicitamos que non se abandonen as liñas de actuación desenvolvidas no Marco ata o día de hoxe, que fixeron deste museo un axente imprescindible na difusión e no apoio á creación contemporánea na súa contorna, ao alcanzar un prestixio internacional que non semella ser recoñecido na súa propia cidade, ocupando un espazo que quedaría baleiro no caso de facerse realidade os plans que se promoven dende o Concello de Vigo.
- Consideramos necesario un amplo acordo, como o dado no momento da súa fundación, que garanta o apoio das diferentes institucións implicadas na promoción, na creación e na difusión da cultura en Galicia e que posibilite o funcionamento normalizado do Marco. Isto supón o desenvolvemento dun

proxecto que debe construírse de xeito aberto por profesionais da cultura, sen interferencias políticas. Hai que saber que as actuacións no ámbito da educación e da cultura precisan de profesionalidade, autonomía institucional e unha mínima garantía no seu financiamento para posibilitar a súa continuidade no tempo, xa que os seus beneficios son máis cualitativos que cuantitativos e maniféstanse a medio e longo prazo.

Precisamos renovar un clima de colaboración entre as institucións, para que a cidadanía poda ter un acceso axeitado a arte e a cultura, un patrimonio que axuda o desenvolvemento da sociedade.